

Os apoios do Franquismo: A Ditadura de Franco mantívose durante case 40 anos non só grazas á represión do réxime e á propaganda, senón tamén a un estimable apoio social. Os piares nos que se asentou o réxime foron principalmente 3: O Exército, A Igrexa e A Falanxe.

O Exército: foi un pilar básico, o apoio máis destacado do réxime. Franco era un militar e ademais xeneralísimo do exército vencedor da Guerra civil. Franco incluíu sempre militares nos seus gobernos. Ata 1956 máis do 40% dos ministros foron militares (algúns ocupando carteiras como Industria ou Gobernación). Franco non deixou de ter ó seu carón vellos compañeiros de armas, o xeneral Alonso Vega, Carrero Blanco, o seu secretario e asesor no nomeamento de ministros...

Como vencedores da Guerra, os militares gozaron de moitos privilexios, ministerios, nomeamento de altos cargos na administración civil e nas empresas públicas e privadas. Ademais o exército foi un instrumento básico da represión, aplicando a xustiza militar a delitos políticos ata a creación dos Tribunais de Orden Público, en 1963, aínda que o delito de terrorismo seguiu baixo a xurisdición militar, as últimas condenas a morte executáronse no mesmo ano da morte do ditador. O exército, aínda que cos problemas de sempre, macrocefalia (elevado número de xefes e oficiais), salarios baixos e dificultades para a súa promoción, sempre se amosou fiel a Franco, agás algúns militares monárquicos que, nos primeiros anos da posguerra, pretendían a volta dos Borbóns a España e que foron prontamente neutralizados.

A Igrexa: O franquismo afirmaba que Estado e Igrexa eran inseparables, sobre todo desde a asunción do nacionalcatolicismo, cando se albiscaba a derrota do fascismo e do nazismo. Desde a súa orixe o franquismo recibiu a lexitimidade moral que necesitaba para a sublevación (como defensor do catolicismo fronte ó ateísmo e comunismo). O nacionalcatolicismo serviulle ó franquismo para afastarse da imaxe fascista dos primeiros anos e consolidar a imaxe de defensor dos valores cristiáns fronte ó comunismo. Ademais a afirmación da **confesionalidade do Estado** outorgaralle á Igrexa Católica grandes beneficios: beneficios económicos (en 1939 reinstaurouse o presuposto do culto e do clero), poder social efectivo, máxima autoridade no sistema educativo; facilidades para o adoutramento e práctica relixiosa, control da moral e costumes da sociedade, impuxo a moral católica ó conxunto da poboación... A súa vez a Igrexa acabou converténdose en instrumento lexitimizador do Estado e dos ideais do Franquismo.

Dentro da Igrexa nacerán algunhas Asociacións, entre as que destaca o Opus Dei, cuxos membros terán un papel moi destacado nas políticas que posibilitarán o desenvolvemento económico español da década dos 60. Desde este momento desenvolveuse a rivalidade política entre os tecnócratas do Opus Dei, apoiados por Carrero Blanco, e os falanxistas.

A Falanxe: Aínda que Franco, conservador, católico, nunca foi un falanxista convencido, serviuse da Falanxe para consolidar o réxime político. Aproveitando a morte do seu fundador, José Antonio Primo de Rivera, Franco, co Decreto de Unificación de 1937, que reunía as forzas políticas que secundaban a sublevación, Falanxe, Monárquicos e Requetés (Carlistas), asume a xefatura do único partido do Réxime, O Movemento ou Falanxe Española Tradicionalista das JONS (FET das JONS). Franco, o Caudillo, convértese así en Xefe Nacional do Movemento quen só respondía das súas accións “ante Deus e a Historia”.

A FET das JONS, única Forza Política de España, compartía os principios e a retórica de reforma social da Falanxe (Os 26 puntos do Movemento, foron tomados dos 27 puntos da Falanxe. En 1958, foron reducidos a 12, rexeitando todos aqueles que tiñan unha influencia fascista).

O Movemento foi pois o instrumento de afiliación política durante o franquismo e o principal medio para manter a adhesión o réxime político franquista. Para ampliar a súa influencia entre a sociedade crearon organizacións de masas: **Fronte de Xuventudes** para o adoutramento da xuventude.

Sección Feminina: Para a formación da muller no espírito cristián e nacionalsindicalista. O **SEU, Sindicato Español Universitario**, para encadrar ós universitarios.

A **OSE ou Sindicato Vertical**, xa se constituíra a partir do Foro do Traballo, como sindicato único, que reunía na mesma organización a patróns e obreiros e os seus principais cargos estaban ocupados por membros do Movemento. O Movemento tamén controlaba os medios de comunicación e de propaganda do réxime.

Os falanxistas, prexudicados coa derrota do fascismo e do nazismo na 2ª Guerra Mundial víronse obrigados a renunciar a algúns dos seus postulados e a maioría acabarán integrándose no réxime aceptando sen discusión o poder de Franco.